

Resolución da convocatoria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se aproban as bases para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para desenvolver no curso académico 2010-2011.

A Convocatoria que regula as bases para a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística en centros públicos establece no seu artigo 8 que a Comisión de Selección, unha vez estudadas as solicitudes presentadas, emitirá a proposta de resolución dirixida ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen resolverá.

A resolución publicarase na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.xunta.es/linguagalega/> e no portal educativo <http://www.edu.xunta.es>.

Vista a proposta formulada pola Comisión de Selección constituída ao abeiro do artigo 7 da citada convocatoria, esta consellería

RESOLVE:

Artigo 1.º

A selección de cinco proxectos que acadaron a maior puntuación, segundo os criterios establecidos no artigo 7 da convocatoria, previa comprobación de que cumpren os requisitos establecidos nesta.



Os proxectos puntuados como excelentes son:

1. CEIP de Aguiño, Aguiño, Ribeira (A Coruña): Onde a terra acaba e o mar começa.
2. CEIP de Quintela, Moaña (Pontevedra): En galego pola rede II.
3. CRA Mestra Clara Torres, Tui (Pontevedra): Unha andaina “Artic” en galego.
4. IES Perdouro, Burela (Lugo): Dinamización sociolingüística de Burela: intervención dinamizadora da Sanidade.
5. IES Rodeira, Cangas (Pontevedra): Que sorte falarmos en galego!

Artigo 2.º

Os seleccionados recibirán:

1. Unha dotación económica de 3.000 euros.
2. Unha xornada de formación para o profesorado implicado.
3. Asesoramento durante o desenvolvemento do proxecto.
4. A difusión das experiencias a través da rede e a publicación dos materiais educativos producidos, na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.xunta.es/linguagalega/>.

Artigo 3.º

Contra esta disposición, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE n.º 12, do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do

procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 4.º

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa páxina web, no enderezo www.xunta.es/linguagalega, a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. Así mesmo, en cumprimento co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Secretaría Xeral fará públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións concedidas, así como as sancións impostas aos beneficiarios.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2010

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria